
**Prego de Prescricións Técnicas que rexerá o
procedemento para a contratación do
SUBMINISTRO DUNHA SOLUCIÓN EDR
(Endpoint Detection and Response) PARA A
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**



CONTIDO

1	INTRODUCCIÓN	3
2	OBXECTO	4
3	ALCANCE	5
4	CARACTERÍSTICAS DA SOLUCIÓN	6
4.1	Posta en marcha dos servizos	7
5	XESTIÓN DO PROXECTO	8
5.1	Metodoloxía de xestión de proxecto	8
5.2	Órganos de xestión de proxecto	8
5.3	Plan de traballo	10
6	CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS	12
7	FORMACIÓN	14
8	GARANTÍAS A REQUIRIR AO LICITADOR	15



1 INTRODUCCIÓN

Na actualidade a Deputación de Pontevedra dispón dun sistema para a xestión da seguridade perimetral das súas infraestruturas TI (Tecnoloxías da Información) formado por dous equipos Firewall do fabricante Palo Alto Networks. Estes equipos actúan como unha barreira defensiva para previr ou mitigar os ataques maliciosos, como intrusións, malware, virus e outros riscos de seguridade permitindo, entre outras cousas, controlar o tráfico de rede entre os diferentes segmentos e entre a rede interna e o exterior.

Por outra banda, a Deputación de Pontevedra dispón dunha ampla plataforma de equipos e dispositivos informáticos de usuario (endpoints) que teñen o obxectivo principal de resultar eficientes e seguros para poder levar a cabo as súas diversas funcións. Esta plataforma require, desde o punto de vista da xestión interna e global da seguridade, a adopción de ferramentas específicas que permitan proporcionar o máis alto grao de seguridade e cumprimento normativo aplicable que resulte posible.

Neste sentido, Cortex XDR (Extended Detection and Response) é a solución proposta polo fabricante Palo Alto Networks para estes equipos e dispositivos de usuario (endpoint). Trátase dunha solución de detección e resposta que, ao pertencer ao mesmo ecosistema do fabricante, intégrase de forma nativa co resto dos seus produtos, como son os seus firewalls e cos servizos de seguridade xestionada provistos dende a nube deste fabricante permitindo combater de forma eficiente os ataques máis sofisticados.



2 OBXECTO

O obxecto do procedemento descrito no presente Prego de Prescricións Técnicas, en adiante PPT, é o de levar a cabo a contratación do subministro da solución de EDR dispoñible dentro da gama de produtos do fabricante Palo Alto Networks.

Este fabricante conta coa solución para EDR “Cortex XDR PRO” que aporta un software de xestión para a protección dos endpoints. Coa posta en marcha desta solución nas infraestructuras TI da Deputación de Pontevedra se da resposta a dous obxectivos actualmente prioritarios para esta Deputación, que son:

- A dotación de dun sistema EDR, para xestión da seguridade dos endpoints da plataforma de equipos e dispositivos, que permita dar continuidade da prestación dos distintos servizos de forma securizada integrando de forma nativa a xestión da seguridade destes dispositivos co resto de ferramentas e servizos do actual fabricante de Firewalls dispoñibles na infraestrutura da Deputación de Pontevedra.
- O cumprimento específico dun requisito fundamental, no referido a xestión da seguridade dos equipos e dispositivos, que permitan seguir avanzando na adecuación dos sistemas informáticos da Deputación de Pontevedra ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS) e a súa posterior certificación dos mesmos nesta normativa.



3 ALCANCE

Acordo co obxecto do presente procedemento, a Deputación de Pontevedra require os seguintes servizos que definen o alcance do contrato:

- A prestación dos servizos de subministro do software e licenciamiento asociado a ferramenta CORTEX XDR PRO pertencente ao fabricante Palo Alto Networks atendendo ao especificado no apartado 4 CARACTERÍSTICAS DA SOLUCIÓN.
- A prestación dos servizos de consultaría necesarios para a implantación e posta en marcha da ferramenta CORTEX XDR PRO atendendo ao especificado no apartado 4.1 Posta en marcha dos servizos.



4 CARACTERÍSTICAS DA SOLUCIÓN

Tal como se indica no alcance do contrato, se contempla para o mesmo a provisión da solución do fabricante Palo Alto Networks denominada CORTEX XDR PRO.

O servizo contratado contemplará:

- O subministro, instalación, configuración e posta en marcha de todos os elementos necesarios para establecer de maneira plenamente operativa e en produción o conxunto da solución con todas as funcionalidades requiridas (configuración e despregue de axentes e demais elementos que resulten necesarios).
- Os servizos de formación ao persoal de TI da Deputación de Pontevedra nas tarefas de operación e administración da solución (Cortex XDR).
- A definición dos procedementos de tratamento de incidentes conforme o indicado pola Deputación de Pontevedra.

Na seguinte táboa indícase o número de licencias con **subscrición para tres (3) anos**, a referencia de produto de Cortex e a descrición de cada elemento a contemplar polo licitador para a correcta identificación dos produtos e licenciamiento a subministrar:

Descrición	Ref Producto	Cantidade
Cortex XDR Pro for 1 endpoint, includes 30 days of data retention and standard success	PAN-XDR-ADV-EP	1.000

Nota: 1.000 endpoints calculados a razón de (300 servers + 700 PC).



4.1 Posta en marcha dos servizos

O licitador deberá indicar os tempos necesarios para poder iniciar os servizos dunha forma completa, tendo en consideración os seguintes aspectos:

- Estudo inicial da infraestrutura e servizos actuais da Deputación de Pontevedra.
- Análise das regras e casos de uso a implantar acordados coa Deputación de Pontevedra en función das súas necesidades detectadas.
- Definición e configuración das políticas de Cortex XDR para os distintos tipos de dispositivos (Windows/Linux) e configuración e persoalización dos principais perfiles Cortex XDR para os distintos Endpoints:
 - Profile para VDI con Windows.
 - Profile para VDA con Windows.
 - Profile para EndPoint Linux.
 - Profile para Servers Windows.
 - Profile para Servers Linux.
- Despregue do axente Cortex XDR nos Endpoints, a súa configuración e a comprobación final da súa correcta instalación e funcionamento. O despregue poderá ser levado a cabo por persoal da Deputación de Pontevedra previa indicación pormenorizada do adxudicatario e sendo asistido por este (incluso en remoto) en todo momento para facer fronte a calquera continxencia.
- Configuración da integración cos actuais equipos Firewall da Deputación de Pontevedra para a recolección de logs.
- Definición do plan de acción e contactos para a xestión do servizo.
- Fase de formación.



5 XESTIÓN DO PROXECTO

5.1 Metodoloxía de xestión de proxecto

O licitador deberá levar a cabo as tarefas contempladas para a posta en marcha da solución atendendo a algún estándar de metodoloxía de xestión de proxectos recoñecido que utilizará para a planificación, execución, seguimento e control do proxecto.

5.2 Órganos de xestión de proxecto

A dirección do proxecto levaraa a cabo o Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra, a quen lle corresponderá realizar a supervisión, dirección e aprobación dos traballos e a determinación das correccións que se consideren oportunas. Será tamén a súa responsabilidade propor as modificacións que conveña introducir ou, se é o caso, propor a suspensión dos traballos se houberse causa xustificada.

O Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra designará un director corporativo que será o coordinador xeral e máximo responsable do proxecto e que terá as seguintes funcións:

- Dirixir o desenvolvemento do proxecto.
- Velar polo cumprimento dos servizos esixidos e ofrecidos.
- Emitir a conformidade final de recepción dos mesmos.

Adicionalmente, o Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra tamén designará un xefe de proxecto que terá as seguintes funcións:

- Supervisar o desenvolvemento do proxecto.
- Organizar a execución dos traballos e polos en práctica.



- Facilitar a información necesaria para a execución dos traballos.
- Velar polo cumprimento dos traballos contratados podendo rexeitar os traballos realizados cando non respondan ao que se acordou ou non superasen os controis de calidade.
- Emitir a conformidade da recepción dos mesmos.
- Determinar e facer cumprir a normativa e procedementos.
- Ser o interlocutor por parte da Deputación co grupo de traballo do adxudicatario.
- Propor á dirección corporativa do proxecto as modificacións no contido e realización dos traballos necesarios para executar os servizos.

O xefe de proxecto poderá delegar as súas funcións nunha persoa do seu equipo. Así mesmo poderá incorporar ao proxecto, durante a súa realización, as persoas necesarias para verificar e avaliar todas as actuacións ao seu cargo.

O adxudicatario pola súa banda nomeará unha persoa como xefe de proxecto que, salvo forza maior e previa xustificación e aprobación por parte da Deputación, deberá permanecer ao longo de toda a execución do mesmo. Esta persoa será proposta previamente ao arranque do proxecto por parte do adxudicatario e o seu nomeamento deberá ser aprobado por parte da Deputación.

As funcións do xefe de proxecto do adxudicatario serán:

- Ser o único interlocutor entre o grupo de traballo do adxudicatario e a Deputación.
- Desenvolver o plan para a dirección do proxecto e mantelo actualizado.
- Organizar a execución dos traballos e polos en práctica.



- Ostentar a representación do equipo técnico contratado nas súas relacións coa Deputación no referente á execución dos traballos.
- Cumprir e facer cumprir as normas, procedementos e metodoloxía ofertados.
- Propor á dirección do proxecto da Deputación (director corporativo e xefe de proxecto) as modificacións no contido e realización dos traballos necesarios para a execución dos servizos.
- Redactar a acta de todas e cada unha das reunións de traballo que se realicen.

5.3 Plan de traballo

A empresa adxudicataria deberá presentar un plan de traballo no que se describirán as diferentes fases do proxecto, coas tarefas a realizar, así como unha planificación o máis detallada posible dos traballos a realizar. Este plan deberá conter, como mínimo, os seguintes elementos:

- Cronograma das actividades detallado por tarefas e subtarefas a realizar.
- Recursos técnicos e equipo de traballo que se porán a disposición do proxecto.
- Información de partida que o equipo técnico do adxudicatario recompilase ou se propuxese recompilar con vistas á execución dos traballos.

Ademais, en cada fase do proxecto deberase especificar que tarefas e prazos corresponden á empresa adxudicataria e cales á Deputación e a relación de dependencia entre eles, para saber en cada momento o grao de responsabilidade de cada un.

O plan de traballo deberá ser actualizado cunha periodicidade semanal co obxectivo de que o xefe de proxecto da Deputación de Pontevedra poida realizar



un correcto seguimento dos traballos e lle permita detectar as desviacións e/ou riscos producidos durante o desenvolvemento do proxecto.

O plan de traballo deberá de entregarse en formato MS Project ou OpenProj e pode conter, se o licitador o cre necesario, unha breve documentación de apoio.



6 CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

A empresa adxudicataria queda expresamente obrigada a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que puidese coñecer con ocasión do cumprimento do contrato, especialmente os de carácter persoal, que non poderá copiar nin utilizar cunha finalidade distinta á que figura neste documento, nin tampouco ceder a outros nin sequera para efectos de conservación.

Este deber subsistirá, aínda que se extinga o contrato, ata que a información chegue a ser de dominio público ou, que, por outras causas, perda a súa consideración de confidencialidade, sen que medie incumprimento do deber de confidencialidade por calquera das partes contratantes.

Ademais, a empresa adxudicataria quedará obrigada ao cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal en todo o que sexa de aplicación a este proxecto, conforme ao establecido nas leis e decretos de aplicación, especialmente en:

- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais,
- Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD) (Regulamento da UE 2010/679),
- As disposicións de desenvolvemento das normas anteriores en materia de protección de datos que se atopen en vigor no momento de adxudicación deste contrato, ou que poidan estalo durante a súa vixencia.

A empresa adxudicataria comprométese a que os devanditos datos non serán aplicados nin utilizados con fins distintos aos que figuran neste prego, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación a outras persoas ou entidades.



En caso de incumprimento do estipulado, a empresa contratante e o persoal técnico que forme parte do equipo de traballo serán responsables das infraccións que se deriven do mesmo.

A empresa adxudicataria deberá coñecer a lexislación vixente que afecte á realización de todos os traballos e comprométese a cumprir e a facer cumprir toda lei que aplique a calquera aspecto do desenvolvemento do proxecto. A empresa adxudicataria deberá realizar unha análise legal previa que entregará á Deputación de Pontevedra no que se especificará claramente baixo que circunstancias será posible a realización de cada un dos traballos, así como un plan detallado para o cumprimento de toda a lexislación relacionada, como a RGPD ou esquemas de obrigado cumprimento como o Esquema Nacional de Seguridade (ENS), etc.

A empresa adxudicataria obrígase a gardar secreto, e a facelo gardar ao persoal que empregue para a execución do contrato, respecto a toda a información que con motivo do desenvolvemento dos traballos chegue ao seu coñecemento, non podendo utilizala para si ou para outra persoa ou entidade.



7 FORMACIÓN

Dentro do alcance deste procedemento, impartiranse cursos de formación ao persoal técnico da Deputación. Estes cursos terán unha orientación práctica e estarán dirixidos a administradores do sistema a nivel de operación e administración.

Se contemplarán cursos de formación a impartir insitu ou en remoto, previo acordo co persoal da Deputación de Pontevedra, en función das necesidades da organización, contemplando un **mínimo de 15 horas de formación**.

A formación deberase realizar polo fabricante ou por persoal debidamente certificado por este.

O calendario e o contido da formación fixaranse entre os fabricantes e o Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra, debéndose realizar como mínimo as seguintes sesións formativas:

- Administración desde as consolas de xestión, utilización do entorno operativo das ferramentas.
- Configuracións e administración de perfiles e políticas.

É imprescindible para impartir a formación que toda a documentación final se atope xa entregada.



8 GARANTÍAS A REQUIRIR AO LICITADOR

Co obxectivo de garantir unha prestación de servizo profesionalizada acordo aos procedementos de actuación e boas prácticas definidas e ou recomendadas polo fabricante, a empresa licitadora deberá de dispoñer dunha relación de partner co actual fabricante ou provedor dos servizos que son obxecto do presente procedemento que lle acredite a levar a cabo os servizos requiridos para este contrato. Polo tanto, o licitador deberá incluír na súa oferta (no momento da presentación da oferta) a certificación ou acreditación facilitada polo fabricante que lle acredita como partner autorizado para ofrecer os servizos requiridos para o contrato. De igual maneira o licitador deberá posuír e acreditar (no momento da presentación da oferta) a súa certificación no Esquema Nacional de Seguridade (ENS) que como mínimo deberá de ser de acreditada no nivel medio. A carencia dun destes dous requisitos será motivo suficiente para invalidar a oferta presentada polo licitador para poder optar a adxudicación do contrato.

Documento asinado de forma electrónica

